

Informe de Coordinación

Master en Xestión e Dirección Laboral. Especialidad “Dirección Laboral da empresa”.

Curso 2022/2023

Índice

<i>I INFORMACIÓN XERAL</i>	2
<i>II COORDINADORES/AS</i>	2
<i>III ACCIONS DE COORDINACIÓN</i>	2
<i>IV CONCLUSIÓNS</i>	11

I INFORMACIÓN XERAL

Denominación del título	Master Universitario en <i>Xestión e Dirección Laboral</i> . Especialidad en <i>Dirección Laboral da empresa</i> .
Centro/s donde se imparte el título	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
En el caso de títulos interuniversitarios, universidad coordinadora y universidad/es participante/s	Universidad Coordinadora: Universidad de Santiago de Compostela Universidades participantes: -Universidad de Santiago de Compostela -Universidad de A Coruña -Universidad de Vigo
Curso de implantación	2009/2010

II COORDINADORES/AS

Coordinador/a del Título	Coordinador: Alexandre Pazos Pérez Secretaria: Alberto Vaquero García
Coordinadores/as de Curso (si procede)	

III ACCIONES DE COORDINACIÓN

En primeiro lugar, dado o carácter do Máster Interuniversitario de Máster en Xestión e Dirección Laboral, a constitución e composición da Comisión específica para a especialidade Dirección Laboral dá empresa que se imparte na Universidade de Vigo, foi aprobada na Comisión Interuniversitaria do Máster en Xestión e Dirección Laboral, reunida o 1 de xullo de 2013 e posteriormente ese acordo foi ratificado pola Xunta de Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, reunida o 8 de xullo de 2013.

As accións de coordinación que se levan a cabo no contexto do Master en Xestión e Dirección Laboral, especialidade en Dirección Laboral dá empresa son esencialmente de tres tipos:

- Coordinación no marco da Comisión Académica do Master.
- Coordinación entre os coordinadores do Master e os coordinadores de materia.
- Coordinación entre os coordinadores de cada materia e o profesorado da mesma.

Ademais das reunións celebradas en relación con eses labores de coordinación, o propio Coordinador, tal e como figura nos informes de seguimento respecto diso, actuou como titor de PAT desenvolvéndose tres reunións colectivas principais e outras de carácter individual con moita máis asiduidade e atendendo aos problemas específicos de cada estudante.

1.- Reunións de coordinación no marco da Comisión Académica do Master.

Para a coordinación académica do Master durante o curso académico 2021/2022 realizáronse un total de sete reunións da Comisión Académica do Master en Xestión e Dirección Laboral, especialidade Dirección laboral dá empresa –as mesmas reunións que no curso anterior- nas datas que se sinalan a continuación:

a.- 16 de setembro de 2022, ás 10:15 h. en primeira convocatoria, e ás 10:45 h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 2 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, campus remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:

1º.- Informes do Sr. Coordinador

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27 de xullo de 2022)1.

3º.- Aprobación, se procede, dun terceiro prazo de matrícula para o curso 2022/2023.

4º.- Aprobación, se procede, se se admitirá alumnado condicionado á obtención do título de Grao ou non, necesese terceiro prazo de matrícula.

5º.- Rogos e preguntas.

b.- 23 de decembro de 2022, ás 13:30 h. en primeira convocatoria, e ás 13:45 h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 2 do campus remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, das datas de defensa da convocatoria extraordinaria de febreiro dos traballos fin de mestrado.
- 2º.- Aprobación, se procede do sorteo do tribunal dos traballos fin de mestrado para o curso 2022-23.
- 3º.- Aprobación, se procede, da nova distribución do orzamento.
- 4º.- Rogos e preguntas.

c.- 14 de marzo de 2023, ás 09:30 h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 2 do campus remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, das actas da sesións anteriores (16-9-22 e 23-12-22).
- 2º.- Informe do Coordinador.
- 3.- Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2023-24 (ver documentación).
- 4.- Aprobación, se procede, dos recoñecementos de créditos (ver documentación).
- 5.- Aprobación, se procede, da modificación do POD (ver documentación).
- 6.- Aprobación, se procede, das datas de defensa dos TFM's (ver documentación).
7. - Rogos e preguntas

d.- 26 de abril de 2023, ás 16:15 h. en primeira convocatoria, e ás 16:30 h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 2 do campus remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da proposta de POD do mestrado para o curso 2023/24

2.- Aprobación, se procede, dos recoñecementos de créditos da alumna Clara Sáenz-Diez Castroviejo

e.- 30 de xuño de 2023, ás 10:15 h. en segunda convocatoria, a través do campus remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, da actas das sesións anteriores (14/3/2023 e 26/4/2023).

2º.- Informes do Sr. Coordinador.

3º.- Aprobación, se procede, do calendario académico correspondente ao curso académico 2023/2024.

4º.- Aprobación, se procede, do calendario de exames do curso académico 2023/2024.

5º.- Aprobación, se procede, das Guías Docentes das materias correspondentes ao curso académico 2023/2024.

6º.- Rogos e preguntas.

2.- Coordinación entre os coordinadores do Master e os coordinadores e/o profesores de materia

Ao longo do curso académico mantense unha constante e fluída comunicación entre os coordinadores do Master e os coordinadores e/o profesores das materias para os efectos de dar cumprimento ou preparar os acordos que se adoptan na CAM.

COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA ORDINARA DO MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO, UNIVERSIDADE DA CORUÑA, E UNIVERSIDADE DE VIGO, DO DÍA 28 DE MARZO DE 2023

Acta número 2

Lugar: Sala Xuntas da Facultade de Relacións Laborais e telemáticamente por Teams

Data: martes, 28 de marzo de 2023

Hora de comezo: 13:30

Hora de remate: 14:00

Asistentes

Dona Silvia Moscoso Ruibal (Universidade de Santiago de Compostela)

Dona M^a Consuelo Ferreiro Regueiro (Coordinadora Universidade de Santiago de Compostela)

Don Moisés Alberto García Núñez (Coordinador Universidade da Coruña) (por Teams)

Don Alexandre Pazos Pérez (Coordinador Universidade de Vigo) (por Teams)

Dona Dolores Grela Piñeiro (PAS da USC), que actúa como Secretaria

Orde do día

1º.- Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores

2º.- Informes da coordinación do Máster

3º.- Aprobación, se procede, da proposta de informe de seguimento do Máster correspondente ao curso académico 2021-2022

4º.- Rogos e preguntas

Deliberacións

1º.- Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores

Apróbese por asentimento a acta da comisión: 14/02/2023

2º.- Informes da coordinación do Máster

Tanto na UDC como na USC hai novas solicitudes de recoñecemento que se traerán á próxima comisión interuniversitaria. No caso da UVIGO indica o seu coordinador que a solicitude de Clara Sáez-Díez Castroviejo que se trouxo á anterior comisión non foi aceptada en todas as peticións.

O coordinador UDC, Moisés Alberto García informa que un alumno (Otero Currás) procedente da USC que realiza a especialidade na UDC non se presentou ás clases na UDC.

A coordinadora USC, M^a Consuelo Ferreiro comenta o caso dunha alumna que por inicio dun contrato de traballo solicita o cambio das prácticas en empresa asingnadas. Orientarase para que anule a materia de prácticas por motivos de traballo.

3º.- Aprobación, se procede, da proposta de informe de seguimento do Máster correspondente ao curso académico 2021-2022

A coordinadora USC, M^a Consuelo Ferreiro indica que en relación ó informe de seguimento hai problemas na defensa do TFM.

No caso da USC fixéronse unha serie de accións co alumnado, tanto no inicio de curso (reunión) na elección do tema, para que fora mais favorable á súa formación e que propuxeran ó profesorado. Nun segundo momento, (reunión) para que se puxeran atraballar no TFM. A maiores 2 correos electrónicos insistindo na súa importancia. Na análise co coordinador de TFM, despréndese que o proceder de titulacións de acceso diferentes, a opción non sempre é afín ou cercana á formación de procedencia, polo que se plantea unha acción de mellora neste sentido, para que se individualice mais a elección do tema a desenvolver.

No caso da UVIGO, tamén con baixa taxa de defensa, plantearon un curso específico de TFM en canto a elaboración e metodoloxía, así como adiantar o reparto no mes de outubro para que o inicio do traballo puidera ser no primeiro semestre. Detectaron unha lixeira melloría.

No caso do TFM plantéase por tanto unha acción de mellora para aumentar a taxa de defensa do TFM.

En canto á matrícula hai oscilacións. A diferenza con outros anos na UDC baixou lixeiramente a matrícula, pero sen maior relevancia.

No caso da USC o profesorado é moi limitado (aproximadamente en torno a 13) e determinante para a asignación do TFM.

En canto ás prácticas o número de convenios aumentou, fixéronse esforzos por ofrecer e colocar ó alumnado nunha variedade de prácticas, pese á situación orixinada pola COVID. Na USC fíxose revisión e elimináronse da oferta empresas que ofrecían poucas garantías.

A inminente vixencia da nova normativa laboral (1 outubro) vai a traer unha problemática importante de cara á oferta que se vai poder ofrecer ó alumnado de cara o vindeiro curso académico 23-24, esta normativa obriga á empresa a dar de alta na seguridade social, que estará bonificada nun 95%, e a conseguinte contabilización como traballador na empresa.

Apróbase o informe ca incorporación posterior de accións de mellora nos ámbitos sinalados.

4º.- Rogos e preguntas

Non hai.

Acordos

1. Aprobeuse por asentimento a acta da sesión anterior 14/02/2023
2. Aprobeuse por sentimento a proposta de informe de seguimento do Máster correspondente ó curso 2021-2022.

3.- Coordinación entre o coordinador de cada materia e o profesorado da mesma

Ao longo do curso tamén se mantén unha comunicación regular entre o/a coordinador/a de cada materia e o profesorado da mesma. Esta coordinación ten por obxecto, fundamentalmente, organizar a distribución de contidos das materias, planificar as actividades docentes e de avaliación que propón cada profesor aos alumnos e unificar os criterios de avaliación entre os profesores que imparten cada materia; todo iso queda debidamente reflectido nas guías docentes, que son aprobadas pola CAM e pola Xunta de Facultade. Tamén esta modalidade de coordinación tivo que ser reforzada -sempre baixo a supervisión permanente do coordinador do Master- a partir do paso á docencia en liña.

4.- Outras accións de coordinación desenvolvidas

No marco do Master en Xestión e Dirección Laboral, especialidade Dirección laboral dá empresa tamén se aplica, nos seus aspectos esenciais, o Plan de Acción Titorial aprobado pola Xunta de Facultade para todas as titulacións que se imparten na mesma.

Para o curso 2022/2023, a titoría dos alumnos do Master a efectos do PAT foi asumida polo Coordinador que levou a cabo varias reunións cos alumnos e alumnas.

1º) En data, 30 de setembro de 2022, ás 16h, levouse a cabo a primeira reunión titorial conxunta con todo o alumnado na aula do Máster da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, realizada polo Coordinador-titor Alexandre Pazos Pérez, cunha duración aproximada de 20 minutos.

A reunión foi informativa en relación cos servizos da universidade de Vigo (Área de emprego, FUVI, ORI, Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos, Servizo de Xestión da Extensión Universitaria, Unidade de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo UNATEN, Centro de Linguas, Unidade de Igualdade, Biblioteca, Área de Calidade.

Con carácter xeral, ao ser o principio do curso, non se manifestaron queixas nin suxestións por parte do alumnado, considerando unha boa comunicación entre o alumnado e a dirección/coordinación académica.

Na reunión estiveron presentes 11 estudantes.

2º) En data, 15 de febreiro de 2023, ás 16h, levouse a efecto unha segunda reunión titorial conxunta con todo o alumnado na aula do Máster da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, realizada polo Coordinador-titor Alexandre Pazos Pérez, cunha duración aproximada de 15 minutos.

Na reunión o Coordinador-titor preguntoulle ao estudantado se había algunha incidencia manifestando o alumnado:

- Solicitan que se poña ao dispor na plataforma MooVi a documentación das materias con maior anticipo para que poidan ir revisándoa antes do inicio da docencia.
- Solicitan unha redistribución da carga docente, ao considerar excesiva a carga docente da materia de “Aspectos macroeconómicos e territoriais do mercado de traballo” e “Xestión Tributaria”.
- Solicitan o cambio de aula a unha máis pequena porque vai frío, polo que se procedeu ao cambio solicitado.

Na reunión estiveron presentes 12 estudantes que manifestaron que:

- A coordinación das materias entre o profesorado responsable é boa.
- Todo o profesorado estaba a fornecerlles a documentación necesaria e adaptando as clases á modalidade virtual sen maiores incidencias.
- Sería positivo realizar unha avaliación de calidade sobre as empresas que participan nas prácticas externas.
- O Coordinador-Titor anima ao alumnado para participar nas enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais, explicándolles que teñen que acceder á Secretaría Virtual e cubrir un formulario. Ademais, recoméndalles que o fagan porque é un elemento de gran importancia nos procesos de avaliación externa, para conseguir cumprir co obxectivo de alcanzar un mellor cociente de enquisas cubertas.

3º) Por último, o 3 de maio de 2023, o Coordinador-Titor distribuíu entre o alumnado un cuestionario final de satisfacción do alumnado, no que valoraron positivamente diferentes aspectos como a documentación e información recibida, a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT e a súa utilidade.

A comunicación entre o Coordinador do Master e o alumnado foi fluída e continuada, desenvolvéndose por diferentes canles: correo electrónico e a plataforma MooVi mediante a materia do Plan de Acción Titorial.

Como accións especiais de coordinación levadas a cabo no curso 2022/23, con motivo da situación da pandemia do Covid-19, a defensa dos TFM ampliouse en terceira convocatoria, ao mes de setembro de 2022.

Todo iso favoreceu a defensa dos TFM por parte dos estudantes matriculados no Máster. Así mesmo, todos os estudantes tiveron oportunidade de facer as prácticas externas en empresas de forma presencial.

Ademais, como vén sendo habitual nos cursos anteriores, no mes de febreiro, o profesor Alberto Vaqueiro García impartiu unha sesión formativa ao alumnado en relación coa elaboración do Traballo Fin de Máster, en especial, no que se refire ás explicacións xerais sobre a forma de citar academicamente e indicóuselles como consultar as bases de datos á súa disposición.

Este curso académico houbo acto formal de clausura, que se celebrou o 29 de xuño de 2023 no salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, campus de Vigo.

IV CONCLUSIONES

As accións de coordinación expostas repítense en termos similares cada curso e, entendemos que resultan adecuadas e suficientes para garantir un adecuado desenvolvemento das actividades académicas do Master. No seu conxunto, a totalidade do curso saldouse con éxito, sen incidencias. De feito, a pandemia do COVID 19 non tivo repercusión na porcentaxe de aprobados e suspensos das materias cursadas, nin sequera no TFM. É máis, a taxa de TFM defendidos este curso foi máis alta que a dos cursos anteriores.

Por tanto, do mesmo xeito que nos cursos anteriores, a maioría dos alumnos matriculados han superado todas as materias do Master no curso académico correspondente. Mesmo se detectou un repunte dos alumnos matriculados noutros cursos académicos que retomaron a elaboración do TFM -única materia que quedaba para obter o título-, e que o defenderon con éxito.

Doutra banda, desde a Coordinación tentouse coñecer a satisfacción dos egresados e os estudantes doutros cursos pasados a través da elaboración dunha enquisa cuxos resultados poden cualificarse de satisfactorios, proba diso é que ano tras ano se mantén a demanda do Máster polos recentemente Graduados en Dereito e Relacións Laborais, en especial. Ademais, estes egresados manifestaron o importante labor do Máster como medio de inclusión no mercado laboral, pois moitos deles continuaron prestando servizos para as empresas ou institucións nas que realizaron as súas prácticas académicas.

En Vigo, a 22 de novembro de 2022

Alexandre Pazos Pérez

Coordinador del Máster en Xestión e Dirección Laboral

Universidade de Vigo

Vicerreitoría de
Alumnado, Docencia
e Calidade

Edificio Reitoría
Campus Universitario
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 586
Fax 986 813 818
vicadc.uvigo.es
